

### **Os socialistas de Antas denuncian “a falla de respecto institucional, de ética e moral”, así como “o sectarismo” do alcalde ao ausentarse na Feira do Queixo celebrada en Monterroso**

Tendo en conta que se trata dun evento que se organiza nos tres concellos da Ulloa de forma rotatoria e que foi creado por consenso para impulsar e dinamizar a economía comarcal, esíxenlle ao rexedor que “saia da política cortoplacista, da paletada da gravilla, da carretilla de cemento e que teña altura de miras para os seus veciños”

Afirman que o Goberno local “non estivo á altura”; unha cuestión que para os socialistas resulta “inadmisibile”, dado que o concello conta con tres políticos do PP liberados (o rexedor e dous concelleiros), e cuxas dedicacións supoñen un gasto anual para todos os veciños de 104.000 euros, 24.000 máis que no mandato anterior

Ante o suceder dos feitos, consideran que o alcalde “deu un portazo” a todas aquelas familias que viven do sector, pois o leite é un dos motores da economía do concello; lugar no que se atopan dúas das principais queixerías da comarca

**ANTAS DE ULLA, 27 DE OUTUBRO DE 2014.-** Os socialistas de Antas de Ulla denuncian “a falla de respecto institucional, ética e moral”, así como “o sectarismo” demostrados tanto polo alcalde como polo seu equipo de goberno, ao ausentarse na Feira do Queixo celebrada esta fin de semana en Monterroso. Neste senso, e tendo en conta que se trata dun evento que se celebra nos tres concellos da Ulloa de forma rotatoria e que foi creado por consenso, precisamente, para impulsar e dinamizar a economía comarcal, esíxenlle ao rexedor que “saia da política cortoplacista, da paletada da gravilla, da carretilla de cemento e que teña altura de miras para os seus veciños”. Asimesmo, anuncian que presentarán unha iniciativa no vindeiro Pleno, co fin de que o alcalde aclare os motivos da súa ausencia neste festexo de gran trascendencia para a comarca, pois contribúe a poñer en valor “un produto de alta calidade que leva no seu ADN o nome de Antas de Ulla e que o rexedor non debe esquecer”.

Para a voceira do PSOE –Pilar García Porto- estas actividades deben contar co respaldo dos responsables políticos pero, neste caso, o alcalde de Antas, ao igual que noutras ocasións, nas que chegou a deixar o *stand* do concello baleiro, “non estivo á altura, xa que nin tan sequera enviou a ningún representante”; cuestión que para os socialistas resulta “inadmisibile”, dado que o Partido Popular conta con tres políticos liberados -o rexedor e dous concelleiros-, e cuxas dedicacións supoñen un gasto anual para todos os veciños de 104.000 euros, 24.000 máis que no mandato anterior.

Por este motivo, e porque estes tres políticos tamén dispoñen dunha remuneración por gastos de desprazamento e representación que ascende ao redor de 3.000€, tal e como indica o último dato presentado polo alcalde na liquidación da conta xeral de 2013, os socialistas non entenden a actitude do Goberno municipal, sobre todo, porque cando se celebrou a última edición en Antas, o rexedor gastou ao redor de 50.000€ na organización do mesmo. “Isto é un contrasentido, xerar semellante gasto no noso concello e logo ausentarse cando a organizan outros”, destaca García Porto.

### **“Portazo” ás familias que viven do sector**

Ante o suceder dos feitos, os socialistas consideran que o alcalde “deu un portazo” a todas aquelas familias que viven do sector, pois o leite é un dos motores da economía do concello. Asimesmo, municipio alberga un total de 878 cabezas de gando e conta con dúas das queixerías máis importantes da Comarca da Ulloa. Trátase de Artelac e Diqueixa. Están englobadas na D.O. Queixo Arzúa-Ulloa e, ademais de desenvolver a economía familiar dos seus propietarios, contribúen ao desenvolvemento rural e á fixación de poboación.

“Son empresas rurais xeradoras de emprego, principalmente feminino, e a súa produción vai en aumento. Xa traspasan as fronteiras locais. E é que unha delas ten afincada a parte produtora en Antas e a industria transformadora no polígono de Monterroso. Por tanto, cremos que a ausencia do alcalde é un despropósito e un desprezo ás empresas locais e a todos os veciños que viven do agro”, conclúe a socialista.